

O CECBE (Centro Español para los Cuidados de Salud basados en la Evidencia del Instituto Joanna Briggs) é a Unidade de **Investén** que promove a evidencia en coidados mediante a formación, investigación, difusión de resultados e implantación da evidencia na práctica clínica.

ACIS (Axencia Galega para o Coñecemento en Saúde), a través da Área de Dirección de Planificación e Promoción da Investigación Sanitaria está integrada no **CECBE** como membro do Comité de Seguimento do dito organismo.

Co obxecto de promocionar o desenvolvemento profesional de todos aqueles compañeiros implicados no coidado dos pacientes, trasladaremos información sobre a **oferta formativa** do dito centro, a través da cal invítarase a participar ao personal sanitario da rede do **Sergas**.

Ditas actividades constitúen ademais, un sólido punto de partida para a presentación de candidaturas ao Programa "**Centros Comprometidos con la Excelencia en Cuidados**", que recoñece e acredita aqueles centros sanitarios implicados na implementación, avaliación e mantemento de guías de boas prácticas en coidados.

Actualmente están certificados dous centros de Galicia: a Área Sanitaria de Lugo, Cervo e Monforte e a Área Sanitaria de A Coruña e CEE.

O noso obxectivo é que esta rede de Centros Comprometidos coa Excelencia en Coidados alcance so seu máximo desenvolvemento nos nosos centros e motive a participar a todas aquelas Unidades de Coidados da rede do Sergas que coa súa profesionalidade e dedicación constitúen un dos pilares da atención sanitaria na Comunidade Autónoma.

Os contactos serán os membros do **Comité Científico do CECBE en Galicia**:

- Ana García Fernández (Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés)
- Miriam Vázquez Campo (Área Sanitaria Ourense, Verián e O Barco de Baldeorras)

Mail de contacto: ACIS.Cuibe@sergas.es